

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº111/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de agosto/ Estado de Festas de San Xaquín

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



**Contos de Taberna.** Unhas fincas do barrio de Caño converteranse no primeiro Campo de Golf-cross da Illa.

Páx. 1



Protagonistas aunienses da quincena. Carmen e Aurita na primeira comunión de Daniela Páx. 2



Proxectos, obras..... Os camiños da Illa (I). Páx. 3



Un veciño auniense sofre unha caída e rompe un brazo. Páx. 4



## Salgadoiro de Suxestións

As dificultades para visitar o Castro dos Mouros. Pax. 5



## Breves:

- Mael, capitán infantil de iate. Páx. 2
- Chiringuito de Melide. Páx. 4
- Princesa Leonor en Casa Acuña. Páx. 5
- Chanzos para baixar á Praia de Pereiró. Páx. 6
- Rehabilitación Patrimonio Material. Páx. 6

## CONTOS DE TABERNA “Golf-cross <O Caño>”

Remataran a partida de dominó, cando Pepe da Illa dixo:

**-Traio unha nova!!! Vós aquí a poñer ladrillos e non vos decatades de nada do que pasa na Illa.**

**O outro día, paseando polo peirao, vin chegar a unha persoa que me parecía coñecida. Achegueime a el e pregunteille. Díxome que era Scottie Scheffer, que é o campión mundial de golf, e que decidira vir a Ons para comer o Polbo en Caldeirada, (que din que é exquisito), e visitar o Faro.**

**Como non tiña nada que facer, ofrecínme de cicerone a levalos a coñecer a Illa.**

**Cando iamos polo barrio de Caño, mirou todo o campo (que noutros tempos traballaba José Reiriz), que se atopaba recen limpo polos de mantemento.**

**Oes, quedou abraiado!!!, e díxonos que era o mellor sitio que atopara para o seu proxecto de “Golf-cross”, un campo de golf sen herba, onde lograr introducir nos buratos (hoyos) a pelota ou bóla, ten que ser unha proeza de habilidade, destreza, pericia,,,, dignas dun gran experto golfista.**

**Preguntoume, se coñecía a alguén na illa que soubera algo do deporte do golf e que puidera encargarse de facer un primeiro buraco para ir probando as posibilidades do terreo.**

**Díxenlle que non coñecía ninguén da illa que soubera algo de golf, sen embargo comenteille que había un Camawei, de nome Plumix (pola pluma do gorro) que, non sei se saberá algo de golf, pero, o que sí, era un golf-o de carallo!!!**

**Scheffer díxo: - Estupendo, ese é o que necesito. Fale con el, e que se poña mans á obra. 50.000 € para comezar.**

**E así foi como Plumix, preparou o terreo, realizou o primeiro buraco e puxo o primeiro banderín.**

**Tanto foi o seu interese no asunto que, despois de facer as medicións oportunas, o banderín estaba, aproximadamente, a 600 m. do petróglifo de Chan da Pólvora e, co fin de darlle un toque deportivo-cultural ao tema e, como ese petróglifo está composto por cazoletas, os golfistas poderían realizar, dende o Caño, un Driver (ou golpe largo á pelota), e segundo na cazoleta onde caera, tería unha puntuación a maiores, moi parecida ao Drop goal, de Rugby. ...**

Mentres **Pepe da Illa**, comentaba isto na mesa da partida acompañados de Ramón, o de Bilbao, o seu compañeiro de faladoiros e litixios, **Manolo da Illa**, escoitábao atentamente e, cando rematou, comezou o seu discurso:

**“... non me dighas máis, un golfista, un campo de golf na illa e quería visitar o Faro,,,,non sigas, agora xa o temos todo claro.**

**Os do partido, homónimo teu (PePe), están a preparar todo para que o turismo a Ons sexa de elite, por iso non falan do futuro do Faro, pois, xa terán en mentes, convertelo nun Hotelaso, de 14 ou 15 estrelas, para xente Vip.**

**Estes, non terán problemas para vir en verán ou no inverno, pois prepararán o helipuerto de urxencias, nun helipor-jet para turistas de categoría e, entre reunións de amighos, algún congreso ficticio, aperturas de cursos políticos,,,, e vacacións da elite político-empresarial, xa temos o Faro convertido en destino para turistas de alto nivel e con servizos especiais.**

Na mesa parladoiro, atopábase un membro da directiva da Asociación Veciñal de Ons que, escoitando a Pepe e Manolo, non daba creto ao que alí se estaba a tratar, polo que axiña tomou a palabra e comentou:

**“... pero, en que se vai converter a illa dos nosos país e avós, rapidamente vou polo en coñecemento da Directiva da Asociación e comezaremos a tomar medidas.”**

Manolo da Illa, con moita sorna retranqueira auniense, espetoulle:

**“... Non dighas máis, a sinta métrica póñoa eu.”**

E así transcorreu a mañá, sempre acompañados, como non ía a ser menos, do noso amigo, Ramón, o de Bilbao.

Nota: O banderín foi posto para a foto, logo se quitará.



# PROTAGONISTAS DESTA PRIMEIRA QUINCENA DE AGOSTO 2025



Mael, neto de Alvarito e María, pilotando o Iate do seu avó, estreando o seu título de *Capitán Infantil de Iate*, baixo a atenta mirada do seu pai.



Álvarito reparando a auxiliar do Iate, seguindo as instrucións do Patrón de Pesca Milucho e supervisado polo Patrón Maior de Ons, Cesáreo. Onte está Cesáreo?



A comparsa Bueusa “Vou nun Bou” despois de celebrar o seu típico xantar de verán en Ons.

Esperemos que desta, lles sentara ben a sobremesa e os Gin-Tónico fagan o efecto desexado e para o ano teñamos algunha cantiga de Entroido dedicada a esta Illa.



As lucenses Rocio e Mónica, engaioladas pola Illa de Ons.

Ocorreu que neste pasado <Arde Lucus>, foron de romanas e, ao ser expulsadas da cidade polos castrexos, decidiron refuxiarse no poboado romano de Aunios (*Castelo dos Mouros. Canexol*), onde foron recibidas polo Maior César Auniense, “Pepe de Checho”.



O noso compañeiro e amigo de fatigas en Ons, **D. Suso Maquieira**, auniense adoptivo, recibe de mans duns amigos da súa querida Ons un agasallo polos seus máis de 40 anos de dedicación a esta engaiolante illa. Suso, foi Director do Campo de Traballo en Ons durante moitos anos e no seu labor como tal, xunto cos compoñentes do Campo, dedicáronlle innumerables horas ao mantemento desta Illa e ao duro labor, nos anos 80 s. XX, de controlar os incendios que anualmente e de punta a chicote asolaban esta paraxe natural e humana única.

Ese Faro de Ons de Sargadelos, o ten ben merecido. **PARABÉNS.**

## PROXECTOS, OBRAS, ARRANXOS,..., COMENTARIOS E SUXESTIÓNS (I) 1º agosto 2025

En varios capítulos e en diferentes Onstopus, vou a desenvolver unha serie de temas que ao longo destes máis de 45 anos foron ocorrendo en Ons, entre administración-veciños-persoas-grupos en xeral, con cuestións que foron, máis que repetidamente expostas aos que xestionaron a Illa e que, por diferentes razóns, case que egocéntricas, non realizaban no intre no que llas expoñían e, sen embargo, pasado un tempo, si.

Coido que sería un erro comezar polas máis pretéritas, por iso, comezarei a expoñer e comentar as máis presentes.

### OS CAMIÑOS QUE HABIA EN ONS NOS ANOS 70

Cando cheguei a Ons a mediados da década de 1970, agás o camiño que dende o peirao ía ata o Faro, o que dende Cucorno ía ata Melide, e xa bastante máis estreito, o que dende Curro ía a Pereiró, todos os demais eran pequenas corredeiras, sendeiros de carro e estreitos carreiros que levaban ás fincas e aos cantís. Só estaban transitados por persoas, animais, carros de vacas e de man. Agás para algunha obra puntual da administración, non había vehículos nin maquinaria. O primeiro vehículo que chegou a Ons para quedar, que eu saiba, foi un Seat 600 que trouxo o fareiro Jose María Seguí, que funcionaba a butano e que, coa súa envergadura, facía importantes esforzos para introducirse nel. Utilizábao para subir e baixar ao Faro e para ir facerlle as beiras a unha rapaza de Pereiró coa que, anos máis tarde, casaría.

O deterioro deses camiños era mínimo ata a chegada dos primeiros tractores dos negocios e da administración e, posteriormente, os vehículos todo terreo para desprazamentos especiais dos operarios de M. Ambiente e dos Campamentos.




*A esquerda o camiño que dende Curro ía ata o Faro.*

*Dereita o camiño que dende Pereiró ía ata a praia de Melide.*

*Principios dos ano 80 s. XX.*

*Camiños de terra e grava.*



### **NOVAS NECESIDADES. XURDIR DAS RODEIRAS**

Chega a década de 1980 e van a xurdir novos cambios en Ons. Faise cargo da súa administración o Icona e, ao pouco, a Delegación de Agricultura en Pontevedra. Aparece a figura de Garda Forestal, veñen campamentos e campos de traballo, unha nova navieira de Sanxenxo-Portonovo,..., e algúns dos veciños emigrados, regresan.

Ons convértese en destino turístico e é necesaria unha infraestrutura. Isto provoca a chegada de tractores e maquinaria, e os camiños fanse pequenos e comezan a deteriorarse. É necesario amplialos e renovar o seu pavimento.

Un dos máis utilizados nesa década, é o de Curro-Pereiró, polo que necesita un maior ancho e arranxar o firme. A idea xorde, din que do garda forestal, daquela Jose Manuel, e comeza a construción dunhas rodeiras que, por diferentes motivos, quizais falla de presuposto, rematan nese intre na fronteira entre Canexol e Pereiró.

Esas rodeiras resultaron ser unha das mellores solucións para os camiños de Ons. Só hai que observalas, despois de case 40 anos, están como o primeiro día, tendo que soportar un bo paso de todo tipo de vehículos, destacando a maquinaria pesada por causa do desastre do Prestige.

Foron realizadas con moito tino e con perspectivas de futuro. A medida que os anos pasaban e se viu a necesidade de arranxar os camiños da Illa, o clamor popular sempre foi solicitar rodeiras, por mor do seu bo resultado neste treito, pero dende os distintos organismos, incluído o Parque Nacional, fixeron oídos xordos o que provocou moito gasto, debido ás chapuzas de arranxos realizados por toda a Illa. ....

*Continuará próximos Onstopus*



*Arriba, camiño de Curro a Pereiró sen rodeiras. Abaixo, mesmo camiño, despois de postas as rodeiras. Anos 80 s.XX.*



Chiringuito na praia de Melide. Camawey 1990

### ONS MA MEMORIA

#### *Chiringo da Praia de Melide*

Xurdían os primeiro anos da década de 1990, cando en Melide xurde “CAMAWEY”, e con eles o primeiro é único chiringo que se puido montar nesa paradisíaca praia, daquela, nudista ao 100%.

Non foi doada a súa montaxe e menos o mantelo, a falla de infraestrutura e servizos básicos como a auga, e levar todos os días o material necesario en lancha pneumática dende o peirao de Ons, supoñía toda unha odisea moi complicada de manter no tempo.

Dende logo foi todo unha fantástica experiencia e, como di o noso amigo Maqui: “Foi moi bonito mentres durou”.

*Foto cedida por Waru Camawey*



### Un veciño sofre unha caída en Ons

Eran as 10 da mañá do día 5 de agosto, cando recibimos a nova do contratempo que sufriu un auniense á noite.

Como dicían: cousas que pasan, ninguén está libre de ter unha caída. Algunhas son aparatosas e non tes nin unha rabuñadura e outras, que son un pequeno escorregamento, acabas na sala de operacións.

Na caída do noso querido veciño, sufriu un pequeno golpe na cara, un dedo da man e o peor un brazo roto, nada que non teña remedio nun par de meses ou menos.

Dende aquí mandámoslle o noso cariño e esperamos velo axiña pola Illa.

Unha aperta *amistad*!!!

*Foto cedida polo persoal do Parque Nacional. O veciño, polo seu propio pé, ata o helicóptero.*

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS *Visita ao Castro* 1/08/2025

Esta suxestión ten que ver con varios números de Onstopus, aínda que imos poñela con respecto ao nº 108 onde dou unhas suxestións a esta Ruta.

***“Apreciado Tinón, a finales del mes de julio y como llevo haciendo en los últimos 20 años, toca la visita a Ons con la familia. Gracias a recibir esta revista, Onstopus, que publicas todos los meses, mi mujer y yo decidimos darnos un paseo para conocer el castro, pues a decir verdad, desde siempre aquello, para nosotros, era un montículo.***

***Conocimos la ruta de los Murices y nos parecieron interesantes los paneles que informaban sobre las distintas excavaciones realizadas. También pudimos comprobar, como bien relatas en la revista, que no está señalizado el lugar para acceder al castro; nosotros ya somos veteranos en Ons, pero los visitantes que no conozcan la isla, no sabrían por dónde subir.***

***Tengo que decirte que quedamos sorprendidos de lo que ese montículo escondía y pudimos comprobar in situ, todo los que relatabas, junto con los enlaces periodísticos que le acompañan, sobre la historia de Ons en relación a la época romana.***

***Una pena no poder contar con algún guía que nos explicara y, desde luego estamos de acuerdo contigo en la dificultad para subir y bajar el último tramo antes de llegar al castro y los obstáculos que hay que pasar para poder verlo en profundidad. Solo espero que el parque se ponga las pilas y, como solicitas, realicen durante el invierno rutas guiadas arqueológicas.***

***Por cierto, el centro de información mejoró mucho desde la última vez que lo visitáramos, es una pena que no lo aprovechen más.”***

Prezado lector, moitas grazas polas túas palabras. Igual que o Castro dos Mouros, Ons ten moito que ensinar e é unha pena que os responsables, non fagan unha programación anual (verán e inverno) e con tempo para, como fixestes vós, poidan programar a súa visita á Illa. Por desgraza, en temas coa administración, só hai que esperar a que se dean conta dos seus fallos ou que outros que veñan logo, o fagan mellor.



**Arriba,** arqueólogos e guías dando información sobre o Castro.

**Abaixo,** mal camiño para subir ao castro.



No inverno pasado, mentres se atopaba facendo os seus estudos na Escola Naval Militar de Marín e antes de embarcar no buque escola Juan Sebastián Elcano, a Princesa Leonor, por mor dunhas manobras que realizou cos seus compañeiros, visitou a Illa de Ons, almorzando en Casa Acuña.

Foi todo un acontecemento para os responsables desde restaurante auniense.

A foto non se puido publicar ata este verán no que deron o visto e praxe os seus responsables.



## CONSTRUCCIÓN DUNS CHANZOS PARA BAIXAR Á PRAIA DE PEREIRÓ

Sería moi importante que, durante o inverno, o equipo de mantemento de Parques supervisara a Illa e fóra amañando todo aquilo que non está ben e tomando nota do que está mal pero que ten que ser arranzado por especialistas.

Todo se deixa para o verán, cando chega o equipo estival de mantemento, que hai que recoñecer que fan un excelente traballo, pero que podería ser aproveitado para temas máis delicados, se os que fan xa estiveran traballados polo equipo de inverno.

Por exemplo, a baixada á praia de Pereiró, normalmente empregada polos veciños do barrio, estaba en moi mal estado, podendo provocar caídas que logo lamentamos.

Neste verán un par de veciños do barrio puxéronse ao traballo, que debería facer o equipo de mantemento de inverno, e aproveitando a madeira das cortas e a que trae a marea á praia, fixeron estes chanzos que axudan a baixar.

**Parabéns para eles!!!**



 **concellosalceda**

✨ A Arrotea loce con novo patrimonio! ✨

O alumnado do obradoiro de emprego rematou a colocación dos canastos na Arrotea. Un traballo colaborativo increíble! 🍷

👷 Primeiro, o obradoiro de albanería encargouse de afianzar a estrutura, para despois darlle paso ao obradoiro de carpintería, que creou estes fermosos canastos de madeira. Agora, o alumnado de albanería está a colocar a tella para que queden ben protexidos e perfectamente acabados.

Uns elementos patrimoniais ben fermosos que se atopan na parroquia de A Picoña. Parabéns polo

[Ver tradución](#)



Este piorno, o último que quedaba de madeira, podería ser arranzado por alumnado de carpintería.

## ARRANXAR O PATRIMONIO MATERIAL ETNOGRÁFICO

Un lector pasoume esta foto da esquerda onde alumnos do obradoiro de emprego arranzan uns piornos na zona de Arrotea, en Salceda de Caselas. **Que importante iniciativa!**

Fai xa uns cantos anos, moitos piornos de Ons estaban nun estado bastante penoso, pero con posibilidades de arranxo.

A administración galega promovera unhas axudas para a rehabilitación deste Patrimonio Material.

Eu realicei un pequeno traballo, que daquela presentei a Xuventude, propoñendo e dando suxestións, para que ese verán o **Campo de Traballo de Ons** se dedicara ao arranxo dalgún destes piornos. A idea era contactar coas escolas de cantería e con persoas que lles gustara ese oficio e propoñerlles unhas quendas en Ons, destinadas ao arranxo, para comezar, dalgúns dos piornos que se atopaban en mal estado e que tiñan as pedras tiradas ao seu redor.

O Xefe de Campo podería ser un Canteiro esperto, contratado para o labor, e os rapaces do campo, pois estudantes desas escolas ou aqueles que tiveran interese en aprender. Gañarían en experiencia, currículo,..., e estarían facendo un labor de rehabilitación etnográfica importante.

Como todos os lectores poden supoñer, **NADA FIXERON**

# ***FARO de ONS***

**Sigo á espera de que se pronuncien  
sobre o meu futuro:**

- *Autoridade Portuaria de Marín e  
Ría de Pontevedra*
- *Portos*
- *Consellería de Medio Ambiente*
- *Consellería de Cultura*
- *Concello de Bueu*